



SESION EXTRAORDINARIA DE 02 DE ABRIL DE 2020

(Acta número 04)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Roberto Fernández Rico
D. Xosé M^a. Arias Fernández
D. José Luis Raposo Magdalena
D. Efrén Castro Caloto
D. Javier Jorge Castiñeira
D. Agustín Baamonde Díaz
D. José Antonio García López
D. Roberto García Pernas
D^a. Dolores Castro Ochoa
D. Pablo Taboada Camoira
D. José Jesús Novo Martínez
D^a. María Loureiro García
D. Oscar Poy Franco
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Ángel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a. Ana M^a. González Abelleira

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

Sendo as once horas e cinco minutos do día **dous de abril de dous mil vinte**, a través de sistemas tecnolóxicos de vídeoconferencia, e baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnen os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretario o Secretario Xeral Adxunto, don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora D.^a Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste a Sra. Deputada D^a. Mónica Freire Rancaño.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

Intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Bo día a todos e a todas.

Hoxe celebramos este Pleno de xeito telemático como medida de prevención do contaxio do coronavirus, unha pandemia que, como todos saben, está marcando o noso día a día, pero tamén marca o día a día de tódolos nosos veciños e veciñas da provincia de Lugo, e todos somos conscientes do traballo diario que está realizando a cidadanía, da súa implicación e, porqué non dicilo, tamén do seu sacrificio.

E por iso lles quero dar as grazas e pedirllas que sigan a ser disciplinados por que só se o facemos xuntos, aínda que sexa na distancia, poderemos gañarle a batalla a este Covid-19.

E quero amosar o meu agradecemento, e creo que falo en nome de toda a Corporación, ós profesionais sanitarios porque son o verdadeiro exemplo do seu traballo, da súa heroicidade, con total entrega e traballo nesta ocasión.

Pero tamén quero facelo ás forzas e corpos de seguridade do estado que velan pola orde pública e que axudan en todo aquilo que se lles está requirindo; e tamén ás forzas armadas que están colaborando nestas tarefas.

Tamén unha mensaxe de ánimo e agradecemento para tódolos gandeiros, agricultores, pescadores, ó persoal dos supermercados, transportistas; en definitiva a todos aqueles que están a traballar por aqueles que non poden traballar, porque todas estas persoas que acabo de citar non poden parar a súa actividade, e están dando o mellor de si para que nos nosos fogares non falte de nada.

Non quero esquecer a ningún e por iso quero dar as grazas a tódalas persoas que dalgún xeito colaboran na tarefa de erradicar esta pandemia. Grazas a tódolos veciños e veciñas da nosa provincia, que cada día saen da súa casa para desempeñar algunha das actividades esenciais, e sabemos o difícil que pode resultar en moitos casos, e queremos que saiban que estamos todos con eles.



E, como non, grazas tamén ós que quedan na casa, a medida máis efectiva e máis importante para frear o avance desta pandemia entre a poboación. Cando cadaún de nós ten unha función neste novo escenario todos temos o deber de cumprila, e é o momento de estar máis unidos e máis fortes ca nunca; a unidade de acción é unha condición indispensable para saír victoriosos desta emerxencia sanitaria colaborando coas autoridades sanitarias.

Antes de comezar co pleno propóñolles a toda a Corporación que gardemos un minuto de silencio en lembranza das persoas falecidas por esta pandemia. Por iso lles pido ós servizos técnicos da Deputación, ós que tamén lle quero agradecer o seu traballo, que coloquen nas nosas pantallas o tempo dun minuto para honrar ás persoas que lamentablemente xa finaron”.

Unha vez rematado o minuto de silencio, continúa na súa intervención o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Moitas grazas a todos neste recordo emocionado ás personas que xa non están con nós.

Antes de iniciar formalmente a sesión quero explicarlles como vai ser a dinámica do Pleno. Durante o Pleno estaremos conectados telemáticamente 28 persoas, 23 seremos deputados e deputadas, estará tamén o Sr. Secretario, a Sra. Interventora, e o intérprete de linguaxe de signos, xunto con dous técnicos da Deputación que serán os que co seu traballo van permitir que este pleno se celebre con normalidade.

Só estarán abertos os micrófonos do Presidente, do Sr. Secretario e da Sra. Interventora durante todo o pleno, para moderar a sesión e calquera consulta que eu necesitara facer tal e como recolle o Regulamento

Para os turnos de palabra pedireille ós servizos técnicos que vaian abrindo o son do voceiro ou vocera que lle toque intervenir en cada momento. Tamén serán os servizos técnicos os que vaian colocando na pantalla o cronómetro que contabilice os tempos das intervención.

As votación serán a man alzada levantando o dedo pulgar diante da cara para que se vexa con claridade por parte do Sr. Secretario, para que contabilice o voto; co dedo pulgar cara arriba o voto significa “si”, co dedo pulgar cara abaixo o voto significa “non”, e coa man plana significa “abstención”.

Este pleno emítese en streaming a través da plataforma youtube ó mesmo tempo que se grava para enviar ó seu remate ó Servizo de Actas para a súa transcripción.

Contamos, coma nos plenos presenciais, co servizo de linguaxe de signos realizado pola Asociación de Persoas Sordas de Lugo, ASORLU.

Imos dar comezo á sesión extraordinaria do Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo, que se celebra por medios telemáticos para debater e, no seu caso, aprobar, os asuntos incluídos na Orde do Día.

Unha última aclaración, dicir que en relación co primeiro punto da Orde do Día que, como todos vostedes teñen no seu poder a convocatoria, refírese a acordar, con carácter excepcional, para garantir o funcionamento da Deputación Provincial, a celebración da sesión do pleno mediante sistemas tecnolóxicos de vídeoconferencia, que garanta a seguridade tecnolóxica e a participación de tódolos deputados en condicións de igualdade.

En relación con este punto, dicir que no momento de facer a convocatoria das Comisións Informativas non existía inconveniente xurídico de ningún tipo para a celebración de sesións extraordinarias de órganos de goberno da Deputación de xeito presencial. Non obstante o día da celebración de ditas Comisións tívose coñecemento dun Auto do Xulgado Contencioso-Administrativo de León, que suspendía a celebración dun Pleno presencial do concello de León pola situación sanitaria existente. Estimando que había razóns de interese público, con base en dito Auto, esta Presidencia da Deputación Provincial de Lugo adoptou a decisión de convocar o Pleno extraordinario de forma telemática.



A convocatoria fíxose en base a un informe emitido pola Federación Española de Municipios e Provincias que avaliaba esta posibilidade, sempre que o Pleno, como di este primeiro punto da Orde do Día, avaliasse dita forma de celebración.

Así as cousas, o Pleno foi convocado para a súa celebración de forma telemática, incluíndo dita ratificación como primeiro punto na Orde do Día. Posteriormente o RDL 11/2020 de 31 de marzo modificou a Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, permitindo a celebración de plenos telemáticos en circunstancias como a presente, que son excepcionais.

Polo tanto a modificación da Lei, que xa está publicada no Boletín Oficial do Estado, sería suficiente para a celebración do Pleno por videoconferencia, sendo tal decisión da competencia desta Presidencia, pero téndose incluído como primeiro punto da Orde do Día eu entendo que se pode proceder á súa votación.

Por tanto, sen máis, entramos no primeiro punto da Orde do Día”.

1.- ACORDAR, CON CARÁCTER EXCEPCIONAL, PARA GARANTIR O FUNCIONAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, A CELEBRACIÓN DA SESIÓN DO PLENO MEDIANTE SISTEMAS TECNOLÓXICOS DE VÍDEOCONFERENCIA, QUE GARANTA A SEGURIDADE TECNOLÓXICA E A PARTICIPACIÓN DE TÓDOLOS DEPUTADOS EN CONDICIÓNS DE IGUALDADE.

O Sr. Presidente manifesta que se algún deputado ou deputada desexa intervir neste punto deberá facer un sinal para darlle a palabra.

Pide a palabra o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, séndolle concedida pola Presidencia, para dicir o seguinte:

“Agradecemos o seu cambio de postura con respecto á realización deste pleno de forma telemática que, como ben sabe, dende o Partido Popular llo apercibimos máis de tres veces, e é a primeira vez que a Deputación usa este medio pero chega tarde, non como vostede di porque quen

lle apercibiu de que efectivamente se suspendera un Pleno en León foi o Partido Popular, e quen lle pediu que se fixera este Pleno de forma telemática foi, tres veces, o Partido Popular.

E chega tarde porque varios compañeiros non puideron exercer o seu labor como Deputados nas Comisións para non incumprir as instrucións oficiais, polo seu empecinamento e a falta de confianza que ten nas novas tecnoloxías para facelo nas comisións, vostede quixo facelas presenciais podendo facelas perfectamente por este medio, porque eramos moitas menos persoas e os medios eran moito menos. Non era tan difícil como vostede decía nas Comisións, por iso queremos dar a nosa noraboa ós equipos de Novas Tecnoloxías e alégranos que se celebre este Pleno respectando o confinamento.

E aproveitamos tamén para agradecer o traballo de todas aquelas persoas que están velando pola saúde de tódolos lucenses, e mandamos unha mensaxe de ánimo a todas aquelas persoas e familias que están sufrindo nas diferentes formas a dureza desta crise sanitaria.

Por tanto quede aclarado que este Pleno telemático pediuno o Partido Popular, que vostede non confiaba absolutamente nada nas novas tecnoloxías, e que puido facelo tamén nas comisións; este é un exemplo importante de que as novas tecnoloxías son positivas, tamén nesta Corporación, e dende logo vaia a nosa gratitude a esta aceptación do Partido Popular”.

Seguidamente intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Moitas grazas Sr. Castiñeira, pero deixeme que lle faga unha puntualización ó que vostede di.

É certo que vostede na Comisión dixo, non sei se dúas ou tres veces, que era mellor facer o Pleno telemático, pero non confunda vostede o desexo coa realidade Sr. Castiñeira; e ademáis sinceramente me parece que non é nin o lugar nin o momento, eu alo menos non tiña pensado entrarlle en críticas a vostede, aínda que podía facelo.

Aquí non houbo ningún cambio de postura, porque cando hai un cambio de postura é cando hai unha decisión tomada e despois se toma outra, pero aquí non estaba convocado ningún Pleno,



agás que vosetde tivera algún pleno convocado dende outras instancias, pero dende a Deputación de Lugo non. Polo tanto non houbo ningún cambio de postura.

Ademáis debo dicirle, con respecto ó que vostede dixo na comisión de que se estaban conculcando os dereitos dos Deputados, que iso reitérolle que non é verdade, porque hai un informe da FEMP onde decía que se poden facer reunións presenciais gardando esas distancias que nos recomendan as autoridades sanitarias, e como vostede sabe no Salón de Plenos gardáronse as distancias sobradamente para poder facer reunións presenciais.

Pero ademáis a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, do Partido Popular ó que vostede pertence, fixo un informe para poder celebrar unha reunión dun Padroado dunha Fundación, como é a dos Ferrocarrís Españois, que preside precisamente o Delegado da Xunta en Lugo, onde se decía claramente nese texto que a reunión podía ser presencial ou telemática, e iso dino os servizos xurídicos da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

Polo tanto creo que non ten vostede razón, único se quere ter vostede un día coma hoxe o seu minuto de gloria eu non llo vou quitar. En todo caso queda claro que non hai ningún cambio de postura porque nada estaba convocado, polo tanto iso non é verdade, o cambio de postura é cando hai unha postura tomada e logo se cambia, iso non existía e polo tanto non se cambiou. Eu recoñezolle que vostede o pediu, ninguén o nega, pero dende logo eu, alo menos ata agora, non andiven tomando decisións en función do que pedirá o Sr. Castiñeira, se é razonable evidentemente si; e alégrome de que vostede coincida coa opinión deste Presidente, e polo tanto temos este Pleno que agora estamos celebrando”.

Unha vez rematado o debate, o Presidente anuncia que se vai proceder á votación; e efectuada a mesma o Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a celebración da sesión do Pleno mediante sistemas tecnolóxicos de vídeoconferencia.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2020.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“I.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu art. 36 (parágrafo 1º) establece que:

“1. Son competencias propias da Deputación as que lles atribúan, nese concepto, as leis do Estado e das comunidades autónomas nos diferentes sectores da acción pública, e en todo caso:

a. A coordinación dos servizos municipais entre si para a garantía da prestación integral e axeitada a que se refire o apartado a do número 2 do artigo 3l.

b. A asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión.””

E no parágrafo segundo, concreta:

“2. Aos efectos do disposto nos parágrafos a e b do número anterior, a Deputación:

a. Aproba anualmente un plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, na elaboración da cal deben participar os municipios da provincia. O plan, que deberá conter unha memoria xustificativa dos seus obxectivos e dos criterios de distribución dos fondos, criterios que en todo caso han de ser obxectivos e equitativos e entre os que atoparase o análises dos custes efectivos dos servizos dos concellos, poderá financiarse con medios propios da Deputación ou entidade equivalente, as achegas municipais e as subvencións que acorden a Comunidade Autónoma e o Estado con cargo aos seus respectivos presupostos ...”

II.- A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, no artigo 110 tamén prevé que as deputacións aproben anualmente un plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal, garantindo a participación dos Concellos na súa elaboración.

III.- O Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións vixentes sobre réxime local, no artigo 32, prevé que para o desenvolvemento da cooperación, as Deputacións, coa participación dos Concellos, redactarán



os plans provinciais previstos no Art. 36 da LBRL, fixando na tramitación deses plans un trámite de información pública, mediante anuncio no BOP, polo prazo de dez días.

IV.- Tendo en conta devandita normativa, malia que outro ano mais non se recibiu nesta Deputación comunicación de axuda ningunha, nin do Estado nin da Comunidade Autónoma, referente ao Plan Provincial para 2020, o equipo de Goberno ten a vontade de elaboración dun Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, que seguindo as liñas marcadas desde o 2017, vai máis aló das obras e servizos tradicionais e incorpora servizos demandados polos veciños, como a axuda no fogar; actividades e investimentos culturais, deportivos, administración electrónica e protección de datos, protección civil, celebración de eventos turísticos, feiras, mercados e outros; e programas de emprego para atacar o despoboamento e o paro: eixes básicos do plan, aínda que cada Concello no exercicio da autonomía a apegados á súa realidade, concrete as accións a desenvolver.

A xustificación de obxectivos, criterios de distribución, obxectividade, transparencia, e participación dos municipios quedan reflectidas nas bases elaboradas e que se someten a aprobación do pleno.

V.- A Deputación provincial trata así de dar resposta a situacións e necesidades concretas de cada Concello, reforzando a súa autonomía e responsabilidade (en qué e cómo gastar) mediante a ampliación e flexibilización do seu obxecto, que pasa a ser múltiple, facilitando tamén a planificación da actividade dos respectivos gobernos municipais, coñecendo os fondos de que dispoñen para un período de tempo razoable de xestión e execución.

V.- O Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020 supón unha consolidación da profunda reformulación iniciada no exercicio 2017, no que atinxe aos instrumentos de cooperación con municipios, na medida en que a mesma pasa a concentrarse, basicamente, nun Plan Provincial Único que se distribúe territorialmente con criterios obxectivos, reducindo a discrecionalidade na asignación dos fondos provinciais, profundando deste modo na equidade, obxectividade e transparencia nas políticas e actividade de cooperación cos concellos.

VI.- Xunto co anterior, preténdese unha racionalización, simplificación e redución dos instrumentos de colaboración cos municipios que se viñan desenvolvendo mediante liñas de subvención e convenios; de tal maneira que a colaboración financeira da Deputación cos concellos queda basicamente concentrada neste Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos.

Xa que logo, este plan único potencia a autonomía e responsabilidade dos Concellos, mostrando o papel colaborador dos gobernos intermedios, como as Deputacións Provinciais; e mostra a convicción de que a cooperación entre administracións e a canle para satisfacer as necesidades dos veciños da Provincia, en accións de gobernanza deseñadas e aplicadas pensando nas persoas.

Son mais de vinte e un millóns de euros para Lugo e os seus habitantes, repartidos por todo o territorio, co obxectivo final de mellorar a economía real, a actividade socioeconómica e calidade de vida.

Por todo o exposto, por esta Presidencia, previo informes dos servizos, propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar as bases do Plan Provincial único de cooperación cos Concellos 2020 e os modelos de solicitude e trámites que figuran anexos ás mesmas.

2º.- Ordenar que se publiquen as Bases do Plan Provincial de cooperación cos Concellos 2020 no BOP e participalo a todos os Concellos.

3º.- Ordenar que pola Unidade de Obras e Plans (Servizo de Contratación e Fomento) se elabore o Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020 de acordo coas bases e as solicitudes dos Concellos.

4º.- Someter dito plan, unha vez elaborado, á aprobación do Pleno”.



Pide a palabra, o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do grupo provincial do Partido Popular, séndolle concedida pola Presidencia, para dicir o seguinte:

“O Grupo Provincial do Partido Popular quere deixar constar en acta que os Deputados que estaban convocados para o día de hoxe a esta Comisión, non puideron exercer o seu dereito como tales, e non descartan o uso doutras Institucións para reclamar este dereito. Entendemos que non son situacións normais para a convocatoria dun pleno normal, que en todo caso o acudir a esta convocatoria sería incumprir tódalas instrucións que nos están dando dende o Goberno e tamén dende a propia Federación de Municipios e Provincias; e polo tanto, como xa dixemos no seu momento, a forma de facer este Pleno en todo caso sería de xeito telemático. Para elo na Xunta de Voceiros nós presentamos para que, xa que non se puideron facer estas Comisión que alo menos se faga o Pleno.

En canto ó Plan Único o Partido Popular estivo sempre a favor, de feito cando o Partido Socialista o chamou acudiu a esa chamada. Nós temos que lamentar que dende o Goberno non se nos chamara para nada, e polo tanto mostrar o noso malestar nese sentido.

Estamos a favor do Plan Único, e xa anuncio que non imos votar en contra, pero é certo que nestas circunstancias cremos que é insuficiente porque ten o mesmo importe, 21,3 millóns de euros, antes do estado de alarma ca despois, e non se dotou con ningunha medida económica a excepcionalidade da crise do coronavirus; ó final quen vai pagar esas medidas son os concellos das súas propias atribucións que xa tiñan antes no Plan Único.

Tamén cambios con respecto ó ano pasado, que é que se limita a autonomía local, o uso dos remanentes e das baixas limítase a unha vez cando o ano pasado eran dúas, e os prazos van limitar moito a todos aqueles concellos pequenos que a día de hoxe teñen moi poucos medios, case que só unha persoa para abrir e pechar, e cando isto se publique vai ter moitas dificultades para poder exercer os seus dereitos, porque cremos que os prazos non se cambiaron.

Tamén limita as prórrogas de dúas a unha e entendemos que nestas circunstancias o Plan Único non é incrementado.

Por outra banda cremos que se pode dotar con máis medios económicos tal e como confirmou a propia Interventora ó dicir que sen ningún problemas se poderían sumar outros seiscentos mil euros para chegar o Plan Único ós vinte e dous millóns, e cremos que esa é unha das posibilidades que aínda está na man do equipo de goberno.

Ó Partido Popular chegoulle moi tarde a documentación, con moitísimos cambios, estamos aínda intentando examinala por completo, pero xa avanzamos que imos presentar unha emenda coas nosas propostas xa que non se nos deu a opción de poder facelo en xuntanzas previas”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Este Plan Único é froito dun gran esforzo desta Deputación, esta entidade ten os recursos que ten, e hai que ter en conta tamén o esforzo realizado na construción e posta en funcionamento das residencias de maiores, e se non houbese que atendelas, porque é unha competencia da Xunta de Galicia non da Deputación, teríamos unha cantidade importante para outros investimentos como pode ser o Plan Único.

Dicir tamén que non me parece oportuno utilizar os remanentes, a Xunta de Galicia tampouco os utiliza”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Lembrarlle ó Sr. Deputado representante do Grupo Popular o incremento que se produciu, e que haberá que restalo, como ben dixo o Sr. Castro, doutras actuacións.

En canto ós prazos, apelo á responsabilidade de todos para o cumprimento dos prazos”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do señor Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, membro do Grupo Provincial do Partido Popular, acorda



ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Ante esta proposta fórmulanse por parte do Grupo Provincial do Partido Popular, un total de oito emendas, do seguinte teor:

EMENDA 1: “Emenda de modificación ao punto nº. 1 do Acordo da “Proposta de aprobación, se procede, do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020”: “ Aprobar as Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020 e os modelos de solicitude e trámites que figuran anexos ás mesmas”:

Modificar nas Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, todos os prazos establecidos nas mesmas de xeito que todos os prazos fixados para as diferentes solicitudes, adxudicacións, contratacións, execucións e xustificacións se amplíen un mes máis”.

EMENDA 2.“Emenda de modificación ao punto nº. 1 do Acordo da “Proposta de aprobación, se procede, do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020” : “ Aprobar as Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020 e os modelos de solicitude e trámites que figuran anexos ás mesmas”:

Modificar nas Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020 na Base 11.- *“Aforros producidos ou baixas” o primeiro parágrafo d o apartado 11.1. “Programa de investimentos”* que quedaría redactado co seguinte contido:

“Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

- Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria)....”

EMENDA 3.- “Emenda de modificación ao punto nº. 1 do Acordo da “Proposta de aprobación, se procede, do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020” : “ Aprobar as Bases

do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020 e os modelos de solicitude e trámites que figuran anexos ás mesmas”:

Modificar nas Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020 o parágrafo primeiro do apartado 4 da “Base 16.- Contratación dos investimentos” que quedaría redactado co seguinte contido:

“Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante acordo da Xunta de Goberno, a solicitude do concello, na que especificará e xustificará os motivos e indicará o prazo solicitado, que non poderá superar o 30 de xuño de 2021”.

EMENDA 4.- “Emenda de supresión no punto nº. 1 do Acordo da “Proposta de aprobación, se procede, do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020”: “ Aprobar as Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020 e os modelos de solicitude e trámites que figuran anexos ás mesmas”:

Eliminar nas Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, os seguintes parágrafos recollidos na Base 3 , apartado B.1 – “Programa de Investimentos”:

“Non obstante, o 60% do mínimo esixido a destinar a investimentos da aportación da Deputación (50% do plan) deberá ser destinado ao arranxo, reparación e mellora de vías públicas municipais.

....

“Non obstante, das cantidades destinadas a investimentos, mantense a obriga do Concello de dedicar o 60 por cento da achega provincial ao arranxo e mellora de vías municipais” .

E, consecuentemente, eliminar o seguinte parágrafo da “Base 4.- Créditos finalistas e aportacións municipais mínimas”:

- *“... dos cales o 60% deberá dedicarse a arranxo, reparación ou mellora de vías públicas municipais”.*

E, eliminar a seguinte obriga da Disposición Adicional Primeira:

“...e deste, o 60% deberá adicarse ao arranxo ou mellora de vías públicas municipais”.



EMENDA 5.- “Emenda de modificación ao punto nº. 1 do Acordo da “Proposta de aprobación, se procede, do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020” : “ Aprobar as Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020 e os modelos de solicitude e trámites que figuran anexos ás mesmas” co obxecto de que os concellos poidan levar a cabo:

- Actuacións e medidas para dar resposta a crise sanitaria, social e económica xerada polo coronavirus COVID-19, permitindo gastos con efectos retroactivos dende o 9 de marzo, data na que o goberno central estimou como inicio da crise sanitaria, de xeito que a achega da institución provincial acade a contía de 22 millóns de €.
- Estudos e actuacións relativas á mellora da situación demográfica dos diferentes concellos que permitan deseñar futuros plans de actuacións contra o despoboamento rural.

Modificar nas Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020 o apartado a) da Base 1.2. “*O Plan finánciase coas seguintes achegas*” que quedaría redactado co seguinte contido:

Base 1.2. O Plan finánciase coas seguintes achegas:

- a) *Cunha achega da Deputación provincial por importe de 22.000.000,00€.*

E, consecuentemente modificar no “Anexo V.- Achegas Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 por concello” os importes reflectidos no apartado titulado “Total Deputación”.

EMENDA 6.- “Emenda de adición ao punto nº. 1 do Acordo da “Proposta de aprobación, se procede, do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020” :“ Aprobar as Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020 e os modelos de solicitude e trámites que figuran anexos ás mesmas”:

Engadir nas Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020 un novo apartado (nº 11 “Programa sobre o reto demográfico”) no apartado B “Obxecto” da Base 3 “Finalidade e obxecto” co seguinte texto:

“Os concellos poderán levar a cabo estudos e actuacións relativas á cuestión demográfica dos municipios que permitan deseñar futuros plans de actuacións contra o despoboamento rural, con cargo ao Plan Único 2020 da Deputación de Lugo, correspondentes ao exercicio natural de 2020”.

EMENDA 7.- “Emenda de adición ao punto nº. 1 do Acordo da “Proposta de aprobación, se procede, do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020”: “ Aprobar as Bases do Plan Provincial único de cooperación cos Concellos 2020 e os modelos de solicitude e trámites que figuran anexos ás mesmas”:

Engadir nas Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020 un nova base “Base 9 (Bis)” co seguinte texto:

“Aqueles concellos que teñan unha débeda viva con entidades financeiras superior ao 100% dos seus ingresos correntes segundo os datos da última liquidación aprobada, poidan destinar ao financiamento dos seus gastos correntes a cantidade que reciben en concepto de achega provincial 2020, coa finalidade de compatibilizar o cumprimento das súas obrigas ineludibles coa prestación dos servizos municipais básicos”.

EMENDA 8.- “Emenda de modificación á Proposta de Modificación do Orzamento da Deputación de 2020, vía suplemento de crédito:

Modificar o importe total do suplemento de crédito de xeito que este se incremente por unha contía de 700.000,00 €. importe preciso para que a achega da Deputación Provincial ao Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020 sexa de 22.000.000,00€ . O total do suplemento pasaría a ser de 5.086.125,65 €. así como o importe total a financiar polo remanente líquido de tesourería”.

E ante estas emendas, por parte do Goberno Provincial preséntase unha emenda do seguinte teor:



“EMENDA de engádegas á emenda presentada polo voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, D. Javier Jorge Castiñeira, con número de rexistro 2020RPE005177 o 31 de marzo ás 12:08h.

“Emenda de adición ao punto nº. 1 do Acordo da “Proposta de aprobación, se procede, do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020: “Aprobar as Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020 e os modelos de solicitude e trámites que figuran anexos ás mesmas”:

Engadir nas Bases do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 un novo apartado (nº 11 “Programa sobre o reto demográfico”) no apartado B “Obxecto” da base 3 “Finalidade e obxecto” co seguinte texto:

“Os concellos poderán levar a cabo estudos e actuacións relativas á cuestión demográfica dos municipios que permitan deseñar futuros plans de actuación contra o despoboamento rural, con cargo ao Plan Único 2020 da Deputación de Lugo, correspondentes ao exercicio natural de 2020”.

Engadir :

“...Os referidos estudos e actuacións serán diferenciados e en ningún caso coincidirán ou terán como destino actuacións contempladas nas demais liñas do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 da Deputación de Lugo”.

Quedando, polo tanto, o seguinte texto a incorporar nas Bases do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 nun novo apartado, nº 11 denominado “Programa sobre o reto demográfico” no apartado B “Obxecto” da base 3 “Finalidade e obxecto”:

“Os concellos poderán levar a cabo estudos e actuacións relativas á cuestión demográfica dos municipios que permitan deseñar futuros plans de actuación contra o despoboamento rural, con cargo ao Plan Único 2020 da Deputación de Lugo, correspondentes ao exercicio natural de 2020. Os referidos estudos e actuacións serán diferenciados e, en ningún caso, coincidirán ou terán como destino actuacións contempladas nas demais liñas do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 da Deputación de Lugo”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Hoxe traemos ó Pleno as bases do Plan Único para esta anualidade, que aumenta en 300.000 euros coa aportación da Deputación, chegando así ata os vinte e un millóns trescentos mil euros para os 67 concellos da provincia de Lugo.

Este investimento importante, fundamental para que os concellos podan atender ás necesidades da veciñanza, distribúese con criterios obxectivos como poden ser a superficie, poboación, o índice de envellecemento e os núcleos poboacionais, e supón achegar cantidades máximas de 500.000 euros para os concellos máis grandes, e de arredor de 200.000 no caso dos máis pequenos.

Resulta vital para os concellos da provincia de Lugo, pero tamén resulta vital para a economía da nosa provincia, e os datos falan xa por si sós; se sumamos o deste ano falamos de 73 millóns de euros, dos que máis de 35 foron para investimentos; arredor de 6 para o SAF básico, máis dun millón de horas de atención profesional a unha media de 2500 maiores cada ano; máis de 30 millóns destinados a políticas de emprego, actividades turísticas, deportivas, culturais, administración electrónica, ou ós Grupos de Protección Civil.

Sumando, como digo, o deste ano, acadamos ó fin da súa execución máis de mil obras en melloras de servizos públicos municipais, e teranse xerado máis de mil empregos na provincia; celebraranse máis de 4000 eventos turísticos, deportivos ou culturais; eu creo que estas cifras falan por si soas e que avalían a importancia que ten para os concellos e a economía desta provincia.

Inicialmente estas bases establecían que os concellos destinarían como mínimo o 50% dos fondos que lles corresponden a novos investimentos como poden ser a mellora de estradas, de accesos rurais, alumeados, traídas de auga, instalacións deportivas ou culturais; pero coa sensibilidade que merece a situación de emerxencia que estamos vivindo, dende o goberno provincial decidimos que os concellos da nosa provincia que o necesiten queden exentos desa obriga de destinar a investimentos o 50% deste Plan, para que poidan adicar eses recursos, con total



seguridade e tranquilidade, a afrontar as necesidades que xurdan pola crise do coronavirus, sabendo que con cargo a este Plan terán cartos para poder facelo.

Por iso, tan pronto como foi posible, incluímos unha nova liña destinada a sufragar o gasto corrente que os concellos teñan que soportar a causa do estado de alarma, e o Presidente convocou este Pleno.

Ademáis desta modificación, o Plan Único desta anualidade flexibilízase e mellora noutras cuestións, como pode ser a ampliación de prazo, nun mes, para adxudicar novas inversións, quedando establecido o 30 de novembro; flexibilízase a cantidade a solicitar para a axuda no fogar no caso de non ter xustificado todo o importe pedido no ano 2018 para ese fin. Fíxanse prazos iguais para que os concellos podan solicitar os remanentes de inversión; e no mesmo sentido tamén se determinan criterios e prazos para as posibles prórrogas na adxudicación desas inversións.

Con estas modificacións o que conseguimos en primeiro lugar é que non se produzan distorsións nos exercicios económicos posteriores, é dicir que o Plan Único deste ano poderá estar totalmente executado e xustificado no ano 2021, e polo tanto non vai lastrar nin o orzamento provincial nin o dos concellos para o ano 2022. En segundo lugar estaremos cumprindo coas normas en materia orzamentaria. E en terceiro lugar conseguiremos ser máis eficientes na aplicación dos recursos públicos.

Ademáis destas modificacións, tódalas solicitudes este ano serán telemáticas; e, pensando nos intereses e dereitos de tódolos traballadores e traballadoras, introducimos unha cláusula social nova de carácter adicional para que os concellos velen polo cumprimento dos convenios colectivos sectoriais.

Pois ben, unha vez que acabo de definirlles o Plan Único para o ano 2020, ditaminado pola correspondente Comisión, o Partido Popular presentou varias alegacións antonte á última hora da mañá. No referente a estas alegacións, a primeira e a oitava quedarían desestimadas tal e como reflicte o informe de Intervención. A primeira delas porque a ampliación de prazos que propón o Partido Popular implicaría que non cumpriramos o establecido nas normas en materia orzamentaria, e perderíamos ademáis suficiencia na xestión dos recursos públicos.

E nese sentido tampoco aceptamos a segunda das emendas presentadas porque o que vostedes propoñen, os señores do Partido Popular, é que non se limiten os investimentos dos aforros a unha soa vez, e iso, como lles acabo de explicar coa modificación que fixemos no Plan Único, lastraría e desvirtuaría por prazos o orzamento do ano 2022.

Na oitava, tal e como recolle ese informe de Intervención, a modificación que propoñen non podería tramitarse nesta fase do Plan, e ademáis podería xerar incumprimentos nos obxectivos da regra de gasto e da estabilidade.

Na terceira, que tamén quedaría desestimada porque volven ós prazos, e creo que isto xa está suficientemente aclarado, así que non llelo vou repetir agora.

E a cuarta e a sétima non lles podemos aceptar porque desvirtúan completamente a esencia deste Plan Único que, como vostedes saben, ten a súa orixe no Plan de Obras e Servizos ó fin de facilitar a inversión e as actuacións na provincia e ter efecto tamén coma unha inxección económica.

Con respecto á quinta das emendas, antes de pedir os 700.000 euros, Sr. Castiñeira, vostede ten que dicir de onde os quitamos, das residencias, da teleasistencia, das estradas, das subvencións de cultura ou de deportes?. Debería saber vostede de onde saca, a que ou a quen llo retira, porque aquí os fondos non son ilimitados, e a Deputación dende logo non é unha máquina para fabricar cartos.

E no tocante á sétima, como lles indiquei antes, tamén quedaría desestimada, ademáis coa súa proposta estaríamos premiando o endebedamento dos concellos e polo tanto a mala xestión.

No caso da sexta emenda que vostedes presentan, saben que aplicamos políticas contra o despoboamento de xeito transversal dende tódalas áreas, e tamén coa aceptación da súa emenda imos permitir que os concellos con cargo a este Plan Único fagan estudos ou realicen actuacións claramente, iso si, diferenciados doutros que podan tramitarse nas demais liñas do Plan Único



relativos a cuestión demográfica. Polo tanto aceptamos esta emenda que, como vostedes saben, foi matizada por unha posterior nosa”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“O Plan Único quizá sexa o expediente máis importante que fai esta Deputación, e estamos orgullosos de que no seu día o Partido Popular participase, con Elena Candia e co anterior Presidente Darío Campos, en facer, alo polo ano 2017 este Plan Único.

Por este motivo lamentamos que o goberno non trate este asunto co rigor que merece, ó contrario, foi rematadamente mal dilixenciado, con innumerables imprevisións e ocorrencias e totalmente inoportuno, e o peor, que non resolve as incertezas provocadas pola crise do Covid-19, na que por certo a Deputación a día de hoxe non puxo nin un só euro.

Pero parece que nesta Deputación todo chega tarde, incluído o Plan Único, que chega tarde, mal e arrastro. Noutras Deputacións, Sr. Presidente e Sra. Porto, aprobouse a finais do ano pasado, hai xa máis de tres meses. Hai vinte días fixo a primeira convocatoria que foi aprazada polo estado de alarma que nós xa lle anticipamos naquel momento; e agora, no peor momento da crise, volve traelo cando as condicións son moito peores.

Que move ó Sr. Tomé para traer este asunto tan importante en plena crise do Covid-19?, quere tapar co Plan Único a súa deficiente xestión e a súa falta de compromiso cos concellos da provincia, especialmente cos pequenos nesta crise sanitaria, e facelo, como decía antes, sen poñer nin un só euro?.

E digo eu que non pón nin un só euro, Sra. García Porto, porque vostedes mesmos se delataron, no primeiro intento, antes de ser decretado o estado de alarma, traían un Plan sen medidas contra o Covid-19 e cun importe total de 21,3 millóns de euros. Días despois presentan un novo Plan no que din que levan medidas contra o Covid-19, pero co mesmo importe de 21,3 millóns de euros, e ademáis o anuncian a bombo e platíño. Cal é a artimaña do goberno para dicir que a Deputación loita contra o coronavirus sen poñer nin un só euro?, pois é moi sinxelo, cárgallo

ós concellos, a costa de inversións permítelles que usen ese crédito das inversións para este fin, que eles vexan ou estimen necesario.

Polo tanto, Sr. Tomé, isto é totalmente insuficiente e incluso, se me apura un pouco, ata miserable. Ademáis, aparte de non suplementar nin un só euro, aumentan as restriccións, señora Porto, para o Plan Único a pesares do estado de alarma, e son moi prexudiciais para os concellos, especialmente para os pequenos, neste ano marcado pola crise do Covid-19.

Limita as peticións de prórrogas a unha soa, algo que non existía nos Plans anteriores; limita tamén o uso das baixas resultantes da contratación a unha soa, que tampoco existía anteriormente; e mantén practicamente tódolos prazos, só aumenta un que é o mes de contratación mantendo o resto dos prazos que entendemos que son insuficientes, especialmente para os concellos pequenos.

Vostedes esquecen eses concellos con moi poucos medios e que o van pasar moi mal para poder planificar o Plan Único, iso non pasa tanto nos grandes, é unha casualidade que sexan os que gobernan vostedes, e a Deputación é precisamente para o contrario, para os concellos pequenos. É unha mágoa que a Sra. Ferreiro e o BNG estean impoñendo esa máxima nacionalista ó goberno provincial de que non se cre nas Deputacións, especialmente non sexan usadas para os concellos máis pequenos.

O Partido Popular si que cre nas Deputacións, e por suposto cre no Plan Único, por iso axudamos a crealo no 2017, porque é importante para tódolos nosos concellos. Recorden que somos o Partido maioritario nesta Cámara, representamos a máis da metade dos concellos, pero aínda así queremos seguir sumando, por iso presentamos varias emendas, que entendemos que vostedes non van aceptar, pero si que melloran o Plan Único totalmente extraordinario debido á crise sanitaria que estamos sufrindo.

A liña das emendas é moi clara e moi sinxela, é ampliar os prazos necesariamente un mes; é eliminar esas restriccións das que falabamos, o uso das baixas de contratación e as prórrogas; ampliar o orzamento 700.000 euros ata os 22 millóns de euros tal e como respondeu no seu momento a Interventora que era viable poder sacalo do remanente como fixeron vostedes para



outras cousas; facilitar, como fan outras Deputacións, precisamente a da Coruña gobernada polo Partido Socialista, ós concellos que teñen problemas de endebedamento, a posibilidade de metelo en gasto corrente.

Polo tanto son cousas moi sinxelas Sra. Porto, cousas que vosedes están facendo incluso noutras Deputacións, non digan que sería premiar ós concellos máis endebedados. Teñen que incluír medidas efectivas, 700.000 euros; gastaron 400.000 euros agora, e ímolo ver despois na propia modificación de crédito, en sumar novamente outros 400.000 euros para ampliar o contrato con Tragsa. De verdade, a Deputación ten un remanente moi alto e pode usalo, e se non o usa neste momento entón cando o vai usar?”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Eu quería comezar uníndome ás palabras do Sr. Presidente, dándolle forza a todas esas heroínas e heroes anónimos que están axudándonos a pasar esta crise, moitos deles son postos de traballo básicos e mal tratados cando non hai unha crise sanitaria, e agora vemos o necesarios que son, falo de xente que se adica á limpeza, caixairas de supermercados, por non falar do persoal médico que tamén está con contratos precarios e nunha situación xa moitas veces demandada, e agora, cando chega algo tan imprevisto e tan grave coma a crise do Covid-19, que vai cambiar o mundo, vemos o necesarios que son, e polo tanto dende o noso Grupo unírnos a esas palabras do comezo, e mandarllas toda a nosa forza e o noso agradecemento por conseguir que este confinamento e esta loita contra a pandemia sexa un pouco máis levadeira.

Entrando xa no punto da Orde do Día, é curioso que o Sr. Castiñeira fale de que é pai do Plan Único o Partido Popular, e que chega tarde porque noutras Deputacións xa estaba; é moi curioso porque na única Deputación onde non vai chegar o Plan Único é na Deputación que goberna o Partido Popular; entón está claro que a marca de Plans Únicos é a marca dos gobernos do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, foi algo que se decidiu e é claro, non é discutible, porque hai catro Deputacións, tres delas gobernadas polo BNG e PSOE, e unha gobernada polo PP, e a única que non ten Plan Único é a que goberna o PP. Polo tanto arrogarse a

paternidade do Plan Único, xa o ten feito máis veces, pero é sinceramente curioso ou simplemente mentir.

Fíxose unha suba do Plan Único, fíxose unha aposta por aportar caudais, pero non hai que deixar de ter en conta que esta Deputación tamén fai unha inversión de 9 millóns de euros anuais en residencias de maiores, competencia exclusiva da Xunta de Galicia; como a Xunta de Galicia abandonou durante moitos anos á xente maior desta provincia a Deputación tivo que optar por facer unha inversión tan extraordinaria coma esa, e tan necesaria; nós non queríamos pisar competencias pero é evidente que tampouco queríamos abandonar ós maiores da nosa provincia; os datos dino claro, en Galicia hai 4000 prazas públicas e 17000 privadas, aí vese a preocupación que ten a Xunta de Galicia polos nosos maiores. Polo tanto se non tiveramos que cubrir as eivas da Xunta de Galicia poderíamos facer un Plan Único máis ambicioso, porque eses 9 millóns de euros darían para aumentar moito o Plan Único e para facer outras inversións necesarias.

Despois, o que fixemos foi reaccionar tan pronto como se puido e todo o ben que soubemos, porque a verdade é que se trata dunha crise que ninguén podía saber coa dureza que nos ía tocar, e decidimos engadir unha liña para que os concellos teñan liberdade para asumir gastos relacionados con esta loita, sabendo que non é competencia dos concellos tódolos gastos que están asumindo senón que son do Estado e da Xunta de Galicia, aínda así reaccionamos e puxemos o noso esforzo para que souberan que ían poder dispoñer dese diñeiro.

Evidentemente nun ano coma este marcado por esta pandemia vai haber que decidir onde se invisten os cartos, e perderanse aí unhas inversións en infraestruturas novas, pero é certo que tódalas Administracións temos que facer un esforzo para loitar contra esta pandemia porque non hai que esquecer que é o que máis lle preocupa a todo o mundo, todos temos xente afectada ou pola saúde ou economicamente, afectados por ERTES e no paro, e esta sociedade no único que está pensando é en que sexamos capaces de saír pronto desta pandemia e o mellor posible, tanto no sistema sanitario como economicamente.

Por tanto nós o que queríamos transmitir é unha mensaxe de unidade, e presentamos esa liña para loitar contra esta pandemia que esperemos que se solucione o antes posible, e que sexamos capaces de saír fortes e cun cambio de cousas que son importantes, empezar a ver o



importante que é a sanidade pública que algúns Partidos aquí representados a estiveron castigando durante moitos anos”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Estou convencida, Sr. Castiñeira, de que pouco a pouco nos iremos coñecendo mellor, pero o certo é que a imaxe que vou tendo de vostede ata o momento é que lle encanta colgarse medallas, non é o momento precisamente, e que ademáis ten certa querencia por faltar á verdade, o que vén sendo o mesmo que mentir, cando lle fala ós medios de comunicación das conversas que mantén con algún de nós, pero tamén no resto de asuntos. E estou convencida ademáis de que calquera medida que tivera tomado este goberno provincial ía ser criticada, se fose antes da pandemia estaríamos creando alarmismo, e se é durante a pandemia vostede vén dicir sempre que chega tarde, e utiliza esa técnica do seu Partido, tan populista, que é repetir falsidades ata a saciedade para intentar convencer á opinión pública.

O Goberno desta Institucion leva traballando dende hai tempo para a aprobación deste Plan Único que vai entrar en vigor exactamente na mesma data que o fixo en anualidades anteriores, con tódalas modificacións que houbo que facer para adaptalo á nova situación. E non debería vostede poñer precisamente de exemplo á Deputación de Ourense ou á Xunta de Galicia, que nin teñen Plan Único nin fan repartos con criterios obxectivos para tódolos concellos e para tódolos veciños nin da provincia de Ourense nin de Galicia.

Mire, nós con este Plan Único poñemos a disposición dos concellos da provincia de Lugo, dos 67 concellos, 10.650.000 euros se necesitan investilos en necesidades derivadas da pandemia do coronavirus. A Deputación de Ourense puxo 100.000 euros en compra de material, e dálle con reparto de criterios obxectivos 50.000 euros a cada concello, dende logo moitísimo menos do que fai a Deputación de Lugo que poñemos 21.300.000 euros neste Plan Único, mentres a Deputación de Ourense reparte 4,6. Polo tanto non é un bo exemplo o que vosede escolle.

E despois encántalle dicir que non fixemos, pero é que aquí a Xunta de Galicia non se pronunciou para facerse cargo da limpeza, desinfección e mantemento das residencias de maiores,

son 9 millóns de euros que, se non tiveramos que adicar con tódolos gastos que veñen derivados a maiores desta situación, poderíamos estar aplicando para inversións no resto da provincia.

E dígolle máis, eses traballadores que agora están atendendo as zonas verdes a través da empresa pública Tragsa, son os mesmos traballadores que estaban en Suplusa, e polos que vostedes dicían que se partían as costas na súa defensa, e agora veñen aquí dicirnos que estamos incrementando o gasto, o que estamos facendo é complementar para que estes traballadores non teñan que estar na casa, que era o que vostedes auguraban que ía pasar e estábanse equivocando tamén naquel momento señor Castiñeira.

Mire, máis de 30 millóns de euros son os que destinamos nesta Institución a gasto social, poden dicir vostedes o mesmo nas Institucións que vostedes xestionan?, eu creo que non están en posición de facelo. O que si lle pediría é que sexan máis rigorosos, sexan máis serios, e traten estes asuntos coa meticulosidade que precisa e sobre todo coa seriedade, e máis no momento que estamos vivindo toda a sociedade”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Dende logo que non imos entrar en valoración persoais, non me parece óptimo neste pleno.

Vostedes son os reis de cambialo absolutamente todo, pero alguén da Deputación me quere dicir canto incrementou o orzamento do borrador presentado antes da crise e o de agora?, é exactamente o mesmo, 21,3 millóns de euros. Vostedes o que fan é quitarlles ós concellos das inversións que ían ter para as medidas contra o Covid-19; pero non fixeron absolutamente nada, non se comparen coa Deputación de Ourense que leva xa varias veces investindo directamente no Covid-19 e non a conta do Plan Único. Como son capaces de dicirnos a tódolos lucenses que non teñen 700.000 euros cando hai pouco veñen de suplementar 400.000 para xardíns e para outras cousas?, e van seguir suplementando, porque vostedes son os reis de evitar meter as cousas onde verdadeiramente se necesitan.



Sr. Castro, estiveron gobernando oito anos co Partido Socialista e non foron capaces de sacar o Plan Único, e tivo que vir o Partido Popular no seu momento, apoiando ó Partido Socialista, e solicitándolle que se quería gobernar na anterior lexislatura, despois de ternos feito unha moción de censura, había unha serie de requirimentos, entre eles foi o Plan Único e outro o Plan de Estradas. Vostedes non foron capaces de facelo en 8 anos, por tanto non veña aquí presumir absolutamente de nada.

Os seus complexos coa Xunta son verdadeiramente reprochables, simplemente falar de fondos obxectivos; a Xunta de Galicia ten os Fondos de Compensación que xa suman 20 millóns de euros en repartos obxectivos, ben o saben os que son Alcaldes, pero a maior cantidade de subvencións son en concorrència competitiva, e a maior parte delas en igualdade de condicións. Polo tanto non se comparen coa Xunta porque teñen moito que perder.

A nosa emenda, que non son alegacións Sra. Porto, para os concellos endebedados está baseada na Deputación da Coruña que gobernan vostedes e que nos parece ben, en vez de gastar en inversións que eses concellos que están endebedados necesiten metelo en gasto corrente.

Aumentar os prazos, pero é que non sabemos aínda cales van ser os prazos porque están absolutamente parados, se o único que fixeron vostedes foi meter restriccións, meten restriccións no uso das baixas, que se usaban varias veces para tratar de mellorar todos eses investimentos, e por outro lado restrinxen as prórrogas.

Son perfectamente asumibles, nós imos aceptarlles esa emenda, pero dende logo imos absternos porque tódalas emendas que tiñamos proposto eran moi positivas para o Plan Único, mellorábano, e dende logo nese mesmo eido de talante así o seguimos a manter”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Non sei que dicirlle Sr. Castiñeira, eu non quería que este fora un Pleno moi bronco no político porque, como ben dicía antes, volver coa patenidade do Plan Único é ridículo, na única Deputación que non existe é na que vostedes gobernan, polo tanto complexos cero.

Despois nas súas propias explicacións presume de que a Xunta reparte obxectivamente 20 millóns de euros, ou sexa que reparte menos a Xunta de Galicia, con todo o diñeiro que ten e tódalas competencias, ca esta Deputación, menos diñeiro con criterios obxectivos.

E despois fala de endurecer, somos moito máis permisivos cá propia Xunta de Galicia, con esta nova normativa do Plan Único o único do que se trata é de poder ter uns orzamentos que non vaian lastrando os dous anos seguintes; é máis, con estas medidas vaise poder medrar con máis comodidade o Plan Único porque non imos arrastrar, como veremos no seguinte punto da Orde do Día, varios millóns de euros de plans únicos que non se puideron executar, entóns do que se trata é de ser eficiente, e a norma que ten calquera outra administración, moitas gobernadas por vostedes, polo Partido Popular, ou sexa que aquí non estamos inventando nada, como é a Xunta de Galicia, que ademáis a Xunta non deixa investir nin unha vez, nin dúas, nin ningunha, non se poden investir os remanentes, de feito cada vez que anuncian un Plan saben que lle sobra un 30% do que están saíndo dicir á prensa, nos plans de estradas e noutros que anuncian. Polo tanto non acuse á Deputación porque aínda con este Plan somos moito máis permisivos que as Administracións nas que goberna o Partido Popular.

Eu volvo dar a mensaxe que queríamos transmitir neste Pleno, e que creo que é no que está toda a sociedade, porque temos que estar unidos e facer todo o que se poda dende tódalas Administracións por sacar ó pobo desta crise, como dicía antes, tanto na sanidade, que non vou entrar en todo o que se podía ter feito e non se fixo, noutro momento entraremos, como economicamente.

Por iso lanzo esta mensaxe de loitar todos contra isto e intentar saír xuntos disto, e deixar un pouco para máis adiante algunhas consideracións que temos do que fixeron algúns gobernos e o que se debía ter feito para que isto non nos tivera golpeado tan duramente”.

A continuación intervéñ a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:



“Para rematar, Sr. Castiñeira, só queda dicirlle que vostede non escolleu ben os exemplos, dende logo non foi afortunado escollendo o exemplo da Deputación de Ourense porque, sendo a única Deputación na que vostedes gobernan, é a única que non ten Plan Único e a que menos fondos pón a disposición dos concellos con criterios obxectivos; e tampouco escolleu ben poñendo o exemplo da Xunta de Galicia porque con cen veces máis orzamento ca esta Institución, xa llo acaba de dicir o voceiro do BNG, pón menos cartos a disposición dos concellos tamén con ese mesmo criterio obxectivo. E ademáis non permiten por exemplo no PEM, un plan tan importante para os camiños no medio rural, ademáis de rebaxalo e reduciilo practicamente á metade, que os concellos invistan as baixas, os aforros van directamente ó peto da Xunta de Galicia.

Polo tanto vostedes neste caso non son exemplo para nada señor Castiñeira, Eu lamento que vostede escollera estes dous modelos para exemplificar o que é a xestión dos fondos públicos”.

Intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“A verdade señor Castiñeira, é que eu creo que vostede hoxe non estivo afortunado, nin o día nin o momento polo que estamos atravesando, nin tampouco os exemplos que puxo. Xa terá tempo vostede a lucirse, ou máis ben a deslucirse, porque se fai coma hoxe sinceramente non lle arrendo as ganancias, xa llo vou anticipando tamén.

E digo isto porque empezou vostede forte señor Castiñeira, comezou utilizando vostede a expresión “miserable”, iso xa o descualifica a vostede mesmo por si só, non fai falla dicirlle máis nada xa que se descualifica soíño, porque falta ó respecto. E ademais eu penso que non hai peor miseria, e dígoo mirandoo fíxamente a vostede, cá miseria intelectual como vostede acaba de demostrar hoxe aquí; sinceramente, Sr. Castiñeira, creo que debería facerse mirar as súas intervencións antes de dicilo. Eu creo que lle vai pasar a vostede como lle pasou ó Ministro holandés que se foi da lingua o outro día un pouco cos xefes de goberno e terminou pedindo perdón; debería vostede ser un pouco máis prudente nas súas expresións; e eu xa lle digo que non me dou por aludido no de “miserable”, pero por se acaso.

Mire, a Deputación de Lugo púxose en contacto coa Xunta de Galicia, e puxémonos en dúas ocasións á súa disposición para o que fixera falta dentro das nosas posibilidades, como creo

que fixeron tamén outras Deputacións, para colaborar, porque este non é o momento de facer política como vostede pretende. E nesa carta que lle mandei ó Vicepresidente, para poñernos á súa disposición, el me contessta desviando a atención cara a outros, botándolle a culpa a outros, e ó mesmo tempo poñéndome un exemplo, que era un mal exemplo, só hai que velo, como é a Deputación de Ourense, e estou seguro de que podía poñer outros moitos exemplos pero foi escoller o mellor; e iso porque mercou uns miles de luvas e uns miles de máscaras. Como todos estamos comprando material, sabemos os prezos, eu mesmo lle podo dicir, e falaba antes a voceira do Grupo Socialista de cen mil euros, que non chega a iso.

Pois fíxese vostede, o Plan Único da Deputación de Ourense é de 50.000 euros por concello, a cadaún dos 92 concellos da provincia de Ourense; e se fai números verá que son 4.600.000 euros aproximadamente o Plan Único de Obras e Servizos da Deputación de Ourense. E o resto, Sr. Castiñeira, reparteo dun xeito discrecional e clientelar, non se utiliza para nada ningún criterio obxectivo, como é o caso da Deputación de Lugo.

E mire, a Deputación de Lugo, con esta aprobación do Plan Único, o que poñemos é unha inxección económica importantísima nos concellos con 21,3 millóns de euros, e senón pregúntelle ós seus Alcaldes, vostede xa non é pero eles seguen sendo Alcaldes, e verá se isto non lles é un pulmón económico importantísimo nos concellos.

E a Deputación de Lugo prioriza o gasto social, lles dí ós concellos que destes máis de 21 millóns de euros poden adicar máis do 50%, máis de 10.600.000 euros, a políticas sociais derivadas de toda a loita contra o coronavirus se lles fal falla; iso non o vai facer nin o fixo a Deputación de Ourense, nin sequera a Xunta de Galicia proporcionalmente, porque as cousas hai que utilizalas proporcionalmente señor Castiñeira.

Por tanto eu creo sinceramente que estivo moi pouco afortunado nas súas expresións, e dende logo eu intentaría non insultar e non descualificar a ninguén, porque iso ó final sempre se soe volver contra un mesmo. Así que rematado o debate sometemos a votación o punto número dous da Orde do Día que é a proposta de aprobación, se procede, do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020; comezando en primeiro lugar pola votación das emendas do Grupo Provincial do Partido Popular”.



A continuación procédese á votación das emendas do Grupo Provincial do Partido Popular, dando o seguinte resultado:

Emenda número 1.- Efectuada a votación, e verificada a mesma dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 23; votos a favor, 11 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a emenda número 1 do Grupo Provincial do Partido Popular.

Emenda número 2.- Efectuada a votación, e verificada a mesma dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 23; votos a favor, 11 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a emenda número 2 do Grupo Provincial do Partido Popular.

Emenda número 3.- Efectuada a votación, e verificada a mesma dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 23; votos a favor, 11 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a emenda número 3 do Grupo Provincial do Partido Popular.

Emenda número 4.- Efectuada a votación, e verificada a mesma dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 23; votos a favor, 11 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a emenda número 4 do Grupo Provincial do Partido Popular.

Emenda número 5.- Efectuada a votación, e verificada a mesma dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 23; votos a favor, 11 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo

Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a emenda número 5 do Grupo Provincial do Partido Popular.

Emenda número 6.- Unha vez aceptada a emenda presentada polo Goberno Provincial á emenda número 6 do Grupo Provincial do Partido Popular, efectuada a votación e verificada a mesma, o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á emenda número 6 do Grupo Provincial do Partido Popular co engadido da presentada polo Goberno Provincial.

Emenda número 7.- Efectuada a votación, e verificada a mesma dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 23; votos a favor, 11 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a emenda número 7 do Grupo Provincial do Partido Popular.

Emenda número 8.- Efectuada a votación, e verificada a mesma dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 23; votos a favor, 11 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a emenda número 8 do Grupo Provincial do Partido Popular.

Pide a palabra o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, séndolle concedida pola Presidencia, para dicir que, aínda que foi votada neste asunto, a emenda número 8 refírese ó punto número catro da Orde do Día.

Por parte do Sr. Presidente maniféstase que efectivamente esta emenda número oito está relacionada co punto catro de modificación do orzamento da Deputación de 2020, vía suplemento de crédito.

A continuación procédese á votación da proposta da Presidencia de aprobación, se procede, do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, á que se engade a emenda número 6 do Grupo

Provincial do Partido Popular na que se incluíu a emenda do Grupo de Goberno, quedando o punto 1º da parte dispositiva do seguinte xeito:

“1º.- Aprobado as bases do Plan Provincial único de cooperación cos Concellos 2020 e os modelos de solicitude e trámites que figuran anexos ás mesmas.

Engadir o seguinte texto a incorporar nas Bases do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 nun novo apartado, nº 11 denominado “Programa sobre o reto demográfico” no apartado B “Obxecto” da base 3 “Finalidade e obxecto”:

“Os concellos poderán levar a cabo estudos e actuacións relativas á cuestión demográfica dos municipios que permitan deseñar futuros plans de actuación contra o despoboamento rural, con cargo ao Plan Único 2020 da Deputación de Lugo, correspondentes ao exercicio natural de 2020. Os referidos estudos e actuacións serán diferenciados e, en ningún caso, coincidirán ou terán como destino actuacións contempladas nas demais liñas do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 da Deputación de Lugo”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 23; votos a favor, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 11 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DOS MÉRITOS ESPECÍFICOS PARA A SÚA INCLUSIÓN NAS BASES DO CONCURSO ORDINARIO ANUAL PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE “INTERVENTOR/A ADXUNTO/A”, DO SERVIZO DE INTERVENCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, RESERVADO A FUNCIONARIOS DE ADMINISTRACIÓN LOCAL CON HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

Logo de ver a proposta da Deputada Delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“I. ANTECEDENTES

A Corporación da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria, celebrada o 28 de xaneiro de 2020, aprobou inicialmente a *“proposta de baremo de méritos específicos para a súa inclusión nas bases do concurso ordinario anual para a provisión do posto de “interventor/a adxunto/a”, do servizo de intervención da Deputación provincial, reservado a funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional”* por ser o órgano competente, conforme ao previsto no artigo 27 do Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, no referido ás Bases do concurso ordinario; e demais disposicións de aplicación, conforme á normativa de réxime local.

O dito acordo plenario foi sometido ao trámite de información pública, abrindo o prazo previsto no Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, mediante anuncio publicado no BOP nº 028, do 4 de febreiro do 2020.

Dentro do prazo de información pública, foron formuladas alegacións á proposta inicialmente aprobada, por Don Luís Ramón Vázquez Parga, funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional, da subescala de intervención- tesourería, categoría superior. Seguindo o procedemento establecido polo artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, das ditas alegacións déuselle traslado ao Servizo de Recursos Humanos a fin de que emitise informe sobre a pertinencia de estimar ou desestimar as pretensións recollidas no escrito presentado.

II. NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



- Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.
- Decreto 49/2009, de 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.

III.- PROPOSTA DE ACORDO PLENARIO

Á vista do contido do informe do Servizo de Recursos Humanos, sobre as alegacións formuladas, que, en relación ao fondo do asunto, logo de analizar as normas de aplicación (artigo 92 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional; e Decreto 49/2009, de 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional), conclúe que non se aprecia a existencia de razóns que xustifiquen a solicitude do alegante de que se deixe sen efecto a aprobación inicial do “Baremo de méritos específicos para a súa inclusión nas bases do concurso ordinario anual para a provisión do posto de “interventor/a adxunto/a, do servizo de intervención da deputación provincial, reservado a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional”, acordo adoptado polo Pleno da Deputación Provincial de Lugo en data 28/01/2020, xa que non se ten producido ningunha contravención da normativa básica estatal, conforme ás consideracións expostas neste informe”; e que de estimarse oportuno dar parcial satisfacción ao alegante, pódese establecer expresamente que o acordo plenario do 28 de xaneiro de 2020 non só serve para aprobar os méritos específicos a integrar nas bases do concurso ordinario para a provisión do posto de “Interventor/a Adxunto/a” da Deputación Provincial de Lugo, cuxa aprobación compete realizar á Presidencia; senón que tamén ten como efecto e supón a modificación puntual da RPT da Entidade Provincial e que os devanditos méritos específicos formarán parte integrante ou integrarán a monografía do citado posto, dentro da Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Lugo; coas consecuencias e efectos derivados; dando conta desta decisión ao alegante para o seu coñecemento.

En consideración a canto antecede, conforme ao procedemento establecido pola normativa de aplicación; en estimación parcial das alegacións efectuadas, proponho que a Presidencia someta

á consideración do Pleno da Corporación Provincial esta proposta e que se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar definitivamente o contido íntegro da *“proposta de baremo de méritos específicos para a súa inclusión nas bases do concurso ordinario anual para a provisión do posto de “interventor/a adxunto/a”, do servizo de intervención da Deputación provincial, reservado a funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional”* nos termos aprobados inicialmente na sesión plenaria, celebrada o pasado 28 de xaneiro de 2020.

2º.- Establecer que os ditos méritos específicos sexan integrados na Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Lugo, dentro da documentación relativa ao posto número 1.452, denominado “Interventor/a Adxunto/a”, con efectividade do 28 de xaneiro de 2020, efectuando, a tal fin, a modificación puntual do citado instrumento organizativo”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do señor Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, membro do Grupo Provincial do Partido Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir que o seu Grupo vai absterse neste punto.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para manifestar que renuncia á intervención e que o sentido do voto do seu Grupo será a favor.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir que renuncia á intervención e que o sentido do voto do seu Grupo será favorable.

Efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 23; votos a favor, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo

Provincial do BNG; abstencións, 11 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

4.- MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE 2020, VÍA SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

Logo de ver o ditame da Comisión de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, do seguinte teor:

A proposta da Presidencia di o seguinte:

“Visto o informe de Intervención sobre modificación de crédito e demais documentación, é preciso dotar os correspondentes créditos mediante unha modificación de crédito consistente nun suplemento de crédito, considerando a necesidade e urxencia de executar as actuacións reflectidas nel, segundo consta na Memoria e no informe adicional de Intervención de 26.03.2020, proponse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1) Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, vía suplemento de crédito polo importe de 4.386.125,65 €, co seguinte detalle:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

Aplicacións orzamentarias		Importe
1350.46201	Protección Civil	4.107,50 €
1361.46200	Outros servizos de extinción de incendios	450.000,00 €
1531.76201	Acceso ós núcleos de poboación	167.442,63 €
1532.76201	Pavimentación de vías públicas	455.462,43 €
1600.65009	Rede de sumidoiros	36.727,59 €
1600.721	Rede de sumidoiros	13.106,48 €
1610.76201	Abastecementos	41.399,75 €
1650.76201	Alumeado público	45.176,03 €
1720.22799	Protección e mellora do medio ambiente	412.594,03 €
1720.621	Protección e mellora do medio ambiente	59.600,84 €
1720.65009	Protección e mellora do medio ambiente	398.916,97 €
1720.76200	Protección e mellora do medio ambiente	92.200,00 €

1720.789	Protección e mellora do medio ambiente	24.622,76 €
2315.76201	Centros de atención a maiores	57.000,00 €
3261.48900	Ensinanzas universitarias	134.136,34 €
3261.789	Ensinanzas universitarias	27.559,04 €
3340.76201	Promoción cultural	26.837,99 €
3340.789	Promoción cultural	14.500,00 €
3410.46200	Promoción e fomento do deporte	10.000,00 €
3410.76200	Promoción e fomento do deporte	40.063,00 €
3410.76201	Promoción e fomento do deporte	80.000,00 €
4190.46201	Outras actuacións en agricultura, gandería e pesca	42.800,00 €
4190.48900	Outras actuacións en agricultura, gandería e pesca	7.500,00 €
4320.46200	Información e promoción turística	68.328,25 €
4320.46201	Información e promoción turística	12.500,00 €
4320.48911	Información e promoción turística	7.000,00 €
4320.640	Información e promoción turística	132.105,80 €
4330.47911	Desenvolvemento empresarial	11.663,20 €
4330.48911	Desenvolvemento empresarial	3.000,00 €
4530.619	Estradas	751.141,14 €
4531.619	POS	66.085,97 €
4540.789	Infraestruturas de interese veciñal	1.823,26 €
4630.48900	Investigación científica, técnica e aplicada	79.957,73 €
9201.22103	Parque Móbil	340.988,60 €
9250.789	Atención aos cidadáns	16.000,81 €
9330.76201	Patrimonio	50.000,00 €
9420.76200	Transferencias a Entidades Locais Territoriais	203.777,51 €

TOTAL 4.386.125,65 €

Financiamento:

Denominación		Importes
	<u>Concepto</u>	
Remanente Líquido de Tesourería para Gastos	<u>Ingresos:</u>	
Xerais	870.00	4.386.125,65 €
	TOTAL	4.386.125,65 €

2) Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Secretaría Provincial por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no BOP, todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas”.



Toma a palabra a Interventora para explicar que o expediente inclúe un novo informe de Intervención dada a omisión de crédito para facer fronte ao encargo a Tragsa do mantemento de zonas verdes para o segundo semestre do 2020 por un total de 412.594,03 € (aplicación orzamentaria 1720.22799), que se engade á proposta de acordo inicial.

Explica sucintamente a relación de actuacións financiadas polo suplemento e que se inclúen na modificación, e a razón para a súa inclusión.

A continuación abre a quenda de intervencións o Sr. Presidente.

Toma a palabra D. Javier Jorge Castiñeira, representante do Grupo Popular, e pregunta se sería posible tecnicamente incrementar en seiscientos mil euros o Plan Único 2020. A Interventora dille que tecnicamente é posible.

Toma a palabra D^a. María del Pilar García Porto, representante do Grupo Socialista, para comentar a importancia de xustificar os investimentos do Plan Único en prazo, xa que estes 4,3 millóns lastran a posibilidade de emprender outras actuacións.

D. Javier Jorge Castiñeira incide na cuestión de orde por vulneración de dereitos dos seu compañeiros de partido que non puideron asistir dado o Estado de Alarma que xa fixo constar na comisión anterior. O Presidente respóndelle que só se vulnerarían dereitos se se lle impedise a entrada á comisión.

Sometese a votación a proposta da Presidencia, e a Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, por maioría, coa abstención do Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, representante do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ó Pleno a súa aprobación”.

Ante esta proposta, por parte do Grupo Provincial do Partido Popular, preséntase unha emenda de modificación, do seguinte teor:

“Emenda de modificación á Proposta de Modificación do Orzamento da Deputación de 2020, vía suplemento de crédito:

Modificar o importe total do suplemento de crédito de xeito que este se incremente por unha contía de 700.000,00 €. importe preciso para que a achega da Deputación Provincial ao Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020 sexa de 22.000.000,00€ . O total do suplemento pasaría a ser de 5.086.125,65 €. así como o importe total a financiar polo remanente líquido de tesourería”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Simplemente para aclarar, porque me parece que a contía nesta proposta de modificación do orzamento da Deputación para 2020, vía suplemento de crédito, así o merece xa que estamos falando dunha cantidade entorno ós catro millóns de euros, máis concretamente 3.973.531,62 euros, que se deben fundamentalmente a compromiso de gastos vinculados ó Plan Único do 2017 e do 2018, cuxas actuacións veñen relacionadas na proposta.

E quería facer esta aclaración para que se entenda ben que os prazos que se establecen no Plan Único que abordamos con anterioridade neste Pleno son fundamentais á hora de xustificar precisamente para poder cumprir en materia orzamentaria para que non suceda o que está pasando agora que temos que lastrar en 4 millóns de euros o orzamento do ano 2020, por gastos comprometidos en anualidades anteriores; de aí que todos, tanto concellos como a Deputación, teñamos que facer un esforzo para que os nosos orzamentos estean debidamente executados e con cargos correspondentes a esa anualidade, ou como moito á anualidade inmediatamente anterior; de non ser así, pois acontece neste tipo de cuestións, o importante que sería neste momento que ó mellor puideramos dispoñer destes 4 millóns de euros para adicar a cuestións sociais, que seguramente van ser necesarias nos vindeiros meses.

Isto simplemente a modo de aclaración e pola contía importante que supón esta modificación”.



Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Outra contradicción máis, neste caso a Sra. Porto. Mire, con estes catro millóns de euros que sacamos do remanente, a parte de suplementar a partida do Plan Único, hai moitas outras cousas como dicíamos antes, algunhas delas chamativas como o segundo prazo de 400.000 euros para pagarlle a Tragsa as súas inxerencias co asunto de Suplusa.

Pero chama a atención, Sra. Porto, por unha circunstancia; acábanme de pasar vostedes mesmos a liquidación do ano 2019 onde di que incumpren a regra de gasto, e que incumpren tamén a estabilidade; ou sexa xa a incumpriron no ano 2019, van incumprila agora, e a única desculpa que vostedes poñen para tratar de suplementar eses 700.000 euros, que ademáis é unha cantidade totalmente aceptable, como así dixo a Interventora nas Comisións, onde dixo que técnicamente era posible facelo a cargo do remanente; van facer moitas máis modificación para outras cousas, e dende logo eu creo que neste caso o Plan Único 2020 merecía ese suplemento, sobre todo para facer medidas efectivas contra o Covid-19 que, reitero, non puxeron ata agora nin un só euro. Esas medidas das que vostedes falan son a cargo das inversións que tiñan os concellos para outras cousas; polo tanto ata agora non puxeron nin un só euro.

Eu non puxen comparacións con ningunha outra Administración, cadaún sabe o que fai nese sentido, pero a día de hoxe, Sr. Presidente, saberá moito de canto valen as máscaras e as luvas porque igual comprou algúns como Alcalde de Monforte, pero na Deputación eu creo que moi poucos, sobre todo ós concellos non lles deu nin un só.

Por tanto creo que era moi factible subir estes orzamentos nun momento en que se pode facer e no que os concellos o verían, e así si que faría medidas efectivas contra o Covid-19 e, como dicíamos na nosa emenda, tamén contra o despoboamento. Por tanto os seus orzamentos antes do estado de alarma eran de 21,3 millóns de euros, agora seguen sendo de 21,3 millóns de euros, ou sexa que quen fai o esforzo son os concellos non é vostede.

A miña idea dende logo é a de ir sumando, como é a do Partido Popular, e para iso pedimos este suplemento, non poñan como desculpa porque non vale, que con iso se vai incumprir

a regra de gasto e a estabilidade, porque xa o incumpriron no exercicio pasado e o van incumprir neste exercicio tamén; pero existen remanentes suficientes e hai que usalos nos momentos máis complexos da crise como é este, e os concellos efectivamente necesitan esa axuda.

Outras Deputacións, reitero, fixeron medidas efectivas ou ben o sacaron de fondos propios dos orzamentos ou doutras cousas, e a día de hoxe a Deputación de Lugo non ten nin unha soa medida efectiva neste sentido; e hoxe era un bo momento para poder complementar eses 700.000 euros, non lles estou pedindo nin un millón nin dous millóns de euros, e creo que temos de remanentes case 60 millóns de euros, por tanto non creo que estes 700.000 euros vaian desestabilizar as contas da Deputación de Lugo.

Aclarar que nós non insultamos absolutamente a ninguén, o único que dixemos é que o que vostede fixo, dicir que toma medidas contra o Covid-19 non poñendo nin un só euro de máis, iso nos parece non só insuficiente senón miserable, porque o que está facendo é aproveitándose vostede publicitariamente de dicir que pón medidas a conta de tódolos concellos da provincia de Lugo, e iso claro que nos parece miserable, porque vostede, a bombo e a platiño, vén dicir que fai moitas medidas cando non pón nin un só euro, e aínda agora votan en contra de suplementar 700.000 euros para estas medidas.

Por tanto, de verdade llo digo, a miña intención non é nin foi nunca insultar a ninguén, vostede terxiverse o que queira, non vou falar de temas persoais pero creo que tiña unha oportunidade estupenda para dicirlle á provincia de Lugo que si fan medidas efectivas, porque xa as podían facer doutra forma, podíanas facer no fondo de continxencia, que ten vostede case un millóns de euros e de aí sacar material, é a única administración que non está dando material ós nosos concellos; non pode presumir absolutamente de nada, e por iso metelo a cargo do Plan Único a conta das inversións de tódolos concellos entendo que é insuficiente, e reitero que é miserable; esa é a miña opinión e é a opinión do Partido Popular.

En todo caso téñeno moi fácil, vostedes agora confirmen que con isto van cumprir con estas prescricións, van cumprir a estabilidade e a regra de gasto, eu xa lle anticipo que non porque xa non o fixeron en 2019 e non o van facer tampouco agora; son desculpas de mal pagador, e entendo que informes feitos a medida neste sentido”.



Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Vou comezar polo que acaba de dicir ó final Sr. Castiñeira, non sei ó que se refire cando fala de informes a medida, pero creo que lle acaba de faltar ó respecto a técnicos desta Coproración, e debería aclarar esas palabras porque creo que é bastante grave o que acaba de dicir, soltouno ó final coma quen non quere a cousa, pero eu téñolle máis respecto ós técnicos desta Administración e do resto, e unhas veces gústame máis o que din os seus informes e outras menos, pero acusar de facer informes a medida a calquera funcionario creo que está fóra de lugar, e que no seguinte turno de palabra debería retractarse cando menos; é un consello que lle dou.

Eu dicía que intentabamos traer a este Pleno a preocupación da xente e mostrar esa unidade, e o Partido Popular é incapaz de facelo, ten que aproveitar todo e sempre o fai, faino nesta crise e noutras, e fala de cousas sen mirar o seu propio embigo, porque aquí poderíamos poñernos a analizar o que está facendo a Xunta de Galicia, e presumindo vostede, de que a Xunta reparte material cando sería moi cuestionable como o está facendo, e que tipo de material.

E despois outra cuestión; estase a dicir en tódolos sitios que o mercado está saturado, que Administracións como a do Estado ou a Xunta de Galicia non son capaces de mercar todo o material que queren; que aporta que unha Adminisración máis se meta a esa guerra a comprar?, haberá que ofrecer apoio e colaborar, pero non un exército de Pacho Villa aquí cadaún pola súa conta; e non ría señor Castiñeira porque dixo vostede cousas graves.

E vólvolle dicir que se a Xunta de Galica non abandoara á xente maior desta provincia teríamos nove millóns de euros máis para loitar contra o Covid-19, contra o despoboamento, e para facer moitas cousas; nove millóns de euros, pero non este ano senón cada ano, e a Xunta de Galicia adicouse a abandoar á xente maior, que por sorte a Deputación tomou esas medidas e en problemas coma este teñan un sitio para estar coidados e cunhas condicións de vida que debería dar a Xunta de Galicia.

Polo tanto eu non quería que fora un Pleno moi brusco pero co Partido Popular moitas veces é difícil manter iso. O noso Partido está a facer propostas construtivas, e intenta non entrar na demagogia nin en pedir dimisións, pero vostedes son incapaces de poñerse a loitar todos xuntos conta o que lle está preocupando á sociedade, e buscan algún titular; nós non o imos facer. Volvo dicirlle que ocupe a Xunta de Galicia todo o que ten que facer, tódalas competencias que teñen que ocupar concellos e Deputacións porque a Xunta de Galicia as abandona, e despois liberaremos moito diñeiro para que a Deputación invista en moitísimas cousas máis”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Eu vou comezar polo seu final Sr. Castiñeira, creo que non é nada afortunado comezando esta intervención do último punto cuestionando ós funcionarios desta Casa; eu creo sinceramente que debería pedir desculpas e cando menos tal vez retirar as palabras que aquí acaba de dicir, porque deixou caer ó final coma se isto non estivera enriba da mesa, pero aí esta; vostede lanzou graves acusacións hai escasos minutos sobre o traballo dos funcionarios desta Administración.

E mire, a vostede todo se lle volve falar, eu pensei que a burra non ía volver ó trigo, pensei que vostede non ía volver repetir todo o que dixo no asunto do Plan Único de 2020 da Deputación de Lugo, e repetiuno; teñen un argumentario feito dende o Partido Popular para poñer a responsabilidade sobre as outras Administracións, especialmente sobre aquelas nas que non goberna o Partido Popular, cando non temos nin competencias para facelo.

E ademáis vostede minte, xa llo dixen cando falei ó principio do Plan Único; vostede míntelle ós medios de comunicación sobre as conversas que mantén, repite as mentiras ata a saciedade pensando que vai convencer á xente, pero non o vai conseguir porque se colle antes a un mentireiro cá un coxo; iso é así e vai seguir pasando.

Mire, vostedes son especialistas en culpar ós demais, pero o que acaba de facer a Deputación de Lugo con esta flexibilización do Plan Único é poñer con carácter inmediato 10,5 millóns de euros a disposición dos concellos para aquilo que necesiten, con total liberdade, sexa



para loitar contra o coronavirus ou, se non o precisan para este fin, para outros que xa estaban contemplados con anterioridade no Plan Único.

Que é o que non lle gusta a vostede?, quérenos comparar coa Deputación de Ourense como fixo antes?, pois non é exemplo para nós, pero a Xunta de Galicia tampouco, esa Xunta de Galicia que vostede defende na lexislatura do rural do Sr. Feijóo, que non cumpriu co rural desta provincia, que non cumpriu nunca con esta provincia, que nos tivo abandonados, e para exemplo temos as moitas prazas de residencias creadas por esta Institución que están dando plataforma a moitas familias da provincia, e que vostedes nunca quixeron nin apoiaron, hoxe suponen unha inversión anual de 9 millóns de euros Sr. Castiñeira; onde están vostedes, o Partido Popular e a Xunta de Galicia de Feijóo para axudarlle ó rural desta provincia?, vostedes só están para criticar.

Mire, a vostede encargáronlle unha misión, que foi vir aquí e intentar desgastar entendo que ó Presidente desta Deputación; pero esta Institución é moito máis ca iso, é a plataforma para estes concellos, sobre todo para os máis pequenos, desta provincia; e o que vostede vén facer aquí é pura demagogia e populismo, as puras artimañas de Feijóo, as puras artimañas dun Partido Popular que utiliza esta crise do coronavirus para montar a súa propia campaña política cando cheguen as eleccións autonómicas. E non intenten disimulalo porque todos somos testemuñas da campaña que teñen montada nos medios de comunicación, nas redes, todos e cadaún de vostedes, dende o Presidente da Xunta de Galicia ata o último Concelleiro de Galicia, esa é a súa campaña, a nosa non, a nosa é a do traballo e a do rigor, sen demasiadas exaltacións, e cumprindo sempre cos concellos da provincia de Lugo”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, para dicir o seguinte:

“Nós non imos entrar en acusacións persoais, dende logo non o teño previsto facer, e lamento a actitude da Sra. Porto, a verdade creo que eu sempre intentei falar con ela, e o vou seguir facendo, con ánimo positivo.

Non entendo, Sr. Castro, que me diga que somos moitas as administracións que están intentando comprar, e que iso valia como desculpa para que vostedes ata o día de hoxe non puxeran

nin un euro contra medidas do coronavirus, non me vale esa desculpa, ademáis eu creo que é bastante mala.

Nós non estamos poñendo en dúbida ós técnicos, simplemente ese informe técnico non nos vale que se diga que co suplemento que propón o Partido Popular se pode incumprir a regra de gasto e a estabilidade, porque sen iso xa a incumpriron vostedes no ano 2019 e vano incumprir exactamente igual con este suplemento de crédito dos catro millóns; e que casualidade que sexa xusto cos 700.000 euros que propón o Partido Popular!. Pero estou seguro de que dentro de poucos meses nos van traer máis modificacións de crédito a cargo do remanente, e esas seguramente non traían ese informe; esa é a nosa opinión, non estamos de acordo con ese informe.

Por tanto creo que si que se podía suplementar ese Plan Único en 700.000 euros, que é unha cantidade xusta, e podíanse facer moitas cousas con eles; e aí si que podían dicir que están poñendo cartos para esta crise do Covid-19. Agora non, porque seguen cos 21,3 millóns de euros que tiñan previstos antes de que entrase o estado de alarma; e sigo dicindo que quen vai pagar con ese custe son os propios concellos que o van ter que eliminar de inversións que xa tiñan moitas delas planificadas.

Polo tanto póñanse as pilas, deixen de compararse con outras Administracións, e dígollo tamén a vostede Sr. Presidente, porque leva unha guerra toda esta semana que eu creo que non obedece a un Presidente dunha Institución tan importante como é a Deputación de Lugo. Se vostede quere mostrar que loita contra o Covid-19 poña cartos enriba da mesa, non invite e pague cos cartos dos concellos, porque iso é de moi mal gusto e creo que é inaceptable.

Polo tanto son 700.000 euros moi positivos para todos, e dende logo que eu creo que o goberno ten na súa man poder facelo; lamentamos que non o queira facer, que prefira gastalo noutras cousas que entendemos que son máis insustanciais, non hai máis que ver a modificación de crédito que está chea de cousas completamente diferentes á loita do Covid-19 e do despoboamento que é para o que pedimos nós que se usen eses 700.000 euros; e dende logo non entendemos a súa postura, e menos a do Sr. Castro, porque dende logo esa desculpa non nos vale, cantos máis sexamos máis medios, e tódolos lucenses nolo van agradecer”.



Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Eu lamento, Sr. Castiñeira, que non aproveitara o seu turno para desculparse, porque non o fixo, porque lle chamou “informe a medida”, e iso sabemos o que significa porque todos somos maiores e coa experiencia política suficiente para entender o que quere dicir alguén cando a un informe lle chama “informe a medida”. Por tanto lamento que non ocupara o seu turno para desculparse porque creo que é unha acusación grave, fóra de lugar, e que tiña que telo feito e non o fixo coa intensidade que debería, e lamento que non respecte nin a esta Institución nin ós funcionarios que traballan nela. Por tanto sigan por ese camiño que non é o máis acertado.

En canto ó suplemento de crédito que vai aquí, son suplementos que tiñan que ir, son cousas que hai que pagar, que estaban en fase de xustificación e que, segundo o informe de Intervención, hai que pagar.

E volvo dicirlle que vostedes están aproveitando esta crise, antes vostede dicía “miserable”, eu non quero utilizar palabras duras xa llo dixen, e non as quero utilizar para manter o que quería dicir, pero a campaña da Xunta de Galicia de disparar contra outras Administracións, eles que teñen os medios e as competencias e disparan contra os demáis, e presumen e fan actos vergoñentos de reparto de material onde saía a Sra. Corina Porro dando unhas poucas luvas; fáganse cargo das necesidades que teñen as residencias de anciáns, as residencias doutro tipo, do SAF, fáganse cargo; necesitan algo da Deputación?, pídannolo.

A Deputación ofreceuse a colaborar, pero vostedes teñen as competencias; pero digan que necesitan da Deputación porque a Deputación vai estar aí para esa loita; porque isto díxenllo antes, disto saímos unidos e non coma vostedes que andan mirando as estatísticas de votos e de enquisas, pero non é o momento diso Sr. Castiñeira, é o momento de loitar todos unidos contra isto; necesitan algo?, exerzan o seu goberno, exerzan tódalas competencias que ten a Xunta de Galicia, e pidan colaboración, e sexan vostedes leais, pero non veñan con campañas publicitarias e despois pidan lealdade a outras Administracións, porque é o que están facendo.

Ó final ten que embargar o debate dun Pleno que podía sacar a sociedade que somos capaces de loitar unidos contra algo que é o máis grave despois das guerras mundiais que pasou neste mundo, non son capaces porque teñen que aproveitar o máis mínimo para mirar as enquisas e os votos que poden gañar ou perder; pois nós non imos entrar niso, imos entrar con propostas e cunha man tendida ó que necesiten; necesita algo a Xunta de Galicia desta Deputación?, que o pida, pero coordinen porque senón o único que conseguimos é unha descoordinación, se necesitan algo pídano e exerzan porque están deixando abandonada a moita xente polo camiño”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Ó comezo do debate deste punto o único que trataba era de aclararlle ó Sr. Castiñeira que adecuarse ós prazos axeitados é importante para cumprir coa legalidade e non distorsionar os orzamentos de anualidades posteriores, pero el intentou facer disto unha oportunidade e o que conseguiu foi equivocarse no argumento, cargar contra funcionarios desta Casa, que eu creo que son moi respectables; por certo non lle oín pedir desculpas, pero a vostede que lle gusta poñer esa pel de cordeiriño manso a mín gustaríame preguntarlle onde estivo vostede mentres esta Institución se estaba enfrontando á limpeza e desinfección de residencias ou mesmo das instalacións de toda a Institución, onde estaba vostede?.

E por certo onde estaba a Xunta de Galicia?, nin unha chamada sua, Sr. Castiñeira, ó respecto para isto, tampouco para preocuparse pola plantilla da Institución, nin para saber como estaban, nin se era preciso botar unha man nalgunha cuestión; nin para interesarse por se se priorizaba ou non o pagamento a provedores tal e como fixemos para poder seguir inxectando liquidez nas empresas; nin para preguntar se se mantiñan os contratos e o volumen de facturación; nin para preguntar se se suspendían os cobros do canon ós establecementos que teñen unha concesión con nós; nin para saber se se reforzaba o servizo de teleasistencia e chegar ós maiores da nosa provincia. Lamentable a súa actitude nese aspecto”

A continuación intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:



“Antes de someter a votación a emenda e a proposta de modificación orzamentaria, vía suplemento de crédito, Sr. Castiñeira, de verdade, eu non lle vou pedir milagres, pero a obriga e a competencia tena quen a ten, e tena a Xunta de Galicia. E mire, ata o día 14 de marzo, hai pouco máis de 15 días, que se declarou o estado de alarma, e polo tanto se implantou o mando único, que non se recuperaron competencias porque as competencias segue tendo cadaún as que tiña, o que se fixo foi establecer un mando único; e eu digo que tiña de acopio a Xunta de Galicia para facer fronte a unha pandemia semellante?, que medios tiña?, que previsións tiña feito?, ou resulta que ata o 14 de marzo a responsabilidade non era dela?, estamos falando de hai 15 días, non hai tanto tempo Sr. Castiñeira. E iso é froito dos recurtes, queira ou non, gústelle ou non, eu non o tiña sacado ata agora; iso é froito dos recurtes.

E o dos informes a medida sinceramente eu non podo, como Presidente, máis que saír de aquí dando a cara polos técnicos desta Casa, e vostede sabe que aquí hai técnicos que teñen posiblemente pensamentos de todo tipo, pero falta a primeira vez que eu, como Presidente, lles teña pedido un informe a medida nin eles me preguntaron tampouco. Como xa dicía don Efrén, haberá uns informes que me fagan máis graza e outros que me fagan menos, pero son os seus informes, son os que eles firman, e cando os firman é porque cren que é o mellor que procede informar nese momento. Así que eu non sei se vostede di iso porque está acostumado ou nalgún momento estivo acostumado a estas cousas, pero aquí non ocorre iso Sr. Castiñeira.

E mire, da situación sanitaria daban boa conta e explicabana ben, antes de chegar esta pandemia sanitaria do coronavirus, os sanitarios de Galicia estaban protestando polos recurtes en medios e en persoal; iso non o facía eu como Presidente da Deputación de Lugo nin a Deputación, facíano os profesionais da sanidade de Galicia.

Mire, os exemplos non os puxemos nós, eu limiteime a responder os exemplos que vostedes puxeron por escrito. Eu teño dous escritos, un do Conselleiro de Presidencia e Vicepresidente da Xunta onde pón como exemplo á Deputación de Ourense, e outro do Delegado Teoritorial da Xunta en Lugo, Sr. Balseiro, que tamén pon como exemplo a Deputación de Ourense, polo tanto puxéronos vostedes por escrito.

E claro que a Deputación de Lugo pón cartos Sr. Castiñeira, fronte ós 4.600.000 euros da Deputación de Ourense a Deputación de Lugo pón 21,3 millóns de euros, agora póde comparar vostede mesmo.

E dende logo que me parece un erro, xa o dicía a Sra. Porto, que o seu Partido estea lanzando cada día a algún Alcalde contra esta Deputación porque ese non é o camiño correcto, o camiño correcto é traballar xuntos, e díxeno máis dunha vez, e cando remate todo isto xa haberá tempo, Sr. Castiñeira, para analizar que pasou e quen ten responsabilidades en todo isto, pero agora mesmo eu sinceramente creo que o que hai que facer é estar unidos e xuntos para superar a pandemia, iso é o que temos que facer Sr. Castiñeira, o resto virá despois.

E en relación coa regra de gasto, vostedes non son inocentes porque aprobaron un presuposto no ano 2019 cun acordo político co anterior goberno desta deputación onde había un reparto económico de diñeiro que, por certo, este goberno respectou; polo tanto se houbo un incremento de gasto levárono os seus concellos; por certo, algún Alcalde que está aquí agora mesmo conectado deume as grazas por respectar eses acordos, e non vou dicir quen foi porque non é o lugar e ademáis nunca digo as conversas privadas.

Con respecto ás máscaras que di que eu comprei, pois claro que compramos moito material, no só máscaras, senón batas, buzos, gafas, desinfectante e hidroalcohol. E sabe vostede que unha parte deste material entregoullo o concello de Monforte ó hospital comarcal Sr. Castiñeira?, onde está a Xunta para dotar de material ós seus hospitais?, pois teño firmada a recepción en dous días diferentes ata agora de material que entregou o concello de Monforte ó hospital comarcal.

Así que eu non lle vou entrar nesas provocacións que vostede pretende no día de hoxe, xa lle dixen que non é o día, non é o momento nin é o lugar; así que, Sr. Castiñeira, espero que esta información lle sirva para que vostede cambie de actitude.

Para rematar, creo que non se dixo se se aceptaba a emenda do Grupo Popular, pero entendo que cando non falaron dela é que non a van apoiar nin o Grupo Socialista nin o Grupo do BNG. En todo caso sometémola a voación previa antes de votar o punto”.



A continuación pide a palabra a Sra. Interventora, séndolle concedida polo Presidente, para dicir o seguinte:

“Quería facer unha aclaración en relación coa proposta de modificación que foi ditaminada na Comisión. Inicialmente viña prevista de tres millóns novecientos e pico mil euros, pero alí fíxose unha incorporación para a parte dos seis meses do encargo a Tragsa, co cal a modificación quedou, e é a proposta que se ditaminou na Comisión, en 4.386.125,65 euros. É para aclarar que esa sería a cantidade que se está suplementando, 4.386.125,65”.

Seguidamente efectúase a votación da emenda do Grupo Provincial do Partido Popular, para modificar o importe total do suplemento de crédito de xeito que este se incremente por unha contía de 700.000,00 €; e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 23; votos a favor, 11 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a emenda presentada.

A continuación sométese a votación a proposta de modificación do orzamento da Deputación de 2020, vía suplemento de crédito, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos; 23; votos a favor, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 11 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as doce horas e cincuenta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.